



PROGRAMACIÓN

08-29 AGOSTO 2015



O noso agradecemento a todas as institucións, empresas, colectivos e persoas particulares que, co seu apoio e colaboración, fixeron posible as festas que todos queremos.

Colabora:



Edita

Concello de Vilagarcía

Alcalde

Alberto Varela Paz

Concelleira de Cultura

Sonia Outón Casal

Realiza

Área de Comunicación Social

Imprime

Gráficas Anduriña

Depósito Legal

PO 459-2015

NOTA: Este programa pode ser obxecto de modificacións. Calquera novidade será publicada diariamente nos medios de comunicación locais e na web municipal www.vilagarcia.es

Con nós e entre nós

Festa é sinónimo de alegría, e si algo me alegra de xeito especial é o feito de que a primeira ocasión que teño de dirixirme directamente como alcalde aos meus veciños e ás persoas que durante estas datas están en Vilagarcía, sexa con motivo das festas patronais.



As deste ano serán as primeiras Festas de San Roque que viva como alcalde, un punto de vista que engadir ao xa amplo bagaxe que teño como participante activo dende ben pequeniño, primeiro da man dos meus pais e logo na compañía de amigos, pero sempre gozando do ambiente entrañable, lúdico, cultural e tradicional que teñen estas celebracións.

Se sempre é un reto organizar un programa para unhas Festas declaradas de Interese Turístico Nacional, facelo no tempo récord de seis semanas e nada máis chegar, foi pouco menos que unha odisea, o que, sen embargo, non nos impediu perder de vista nin so bosque nin as árbores: Tiñamos ben claro que debía ser unha programación coa cantidade e calidade de actos acorde co prestixio das nosas festas patronais. E, aínda máis, sen esquecer que son, ante todo, as festas de e para todos os vilagarcíans. Mantendo e tratando de potenciar os eventos singulares —é o caso do Combate Naval, a Festa da Ameixa, o desfile de Carrozas, a subida do Santo ou A Festa da Auga—, apostamos por outros máis recentes, como o Festival das Revenidas, e innovamos cun evento de carácter internacional e solidario como é o Festiclown, que converterá a Vilagarcía nun gran circo ao aire libre e humanitario.

Por todo isto, o meu maior desexo é que vilagarcíans e visitantes vivan as Festas de San Roque coa máxima intensidade, que compartan cos amigos e coa familia estes momentos de ocio e diversión, que non se perdan detalle de nada porque todo vale a pena, e que, sobre todo, sexan moi felices con nós e entre nós.

A stylized, handwritten signature in blue ink, consisting of several loops and a long horizontal stroke.

Alberto Varela Paz

Alcalde-Presidente de Vilagarcía de Arousa



VENRES 8 - MÉRCORES 19
11:00-14:30 | 17:00-00:00
FERIA MULTISECTORIAL
Rúa Valentín Viqueira

SÁBADO 8

- ▶ 10:00-14:00/ 17:00-00:00 · Rúa Valentín Viqueira

III Feira Multisectorial

- ▶ 11:00 – 14:00 · Plaza de Galicia

Promoción Festa da Auga 2015

Venda de camisetas e actividades infantís

- ▶ 11:00 – 14:30 | 17:30 – 23:00 · Explanada do Auditorio

Expoferta Zona Aberta 2015

FEIRA DE OPORTUNIDADES

Organiza: Asociación de comerciantes Zona Aberta



DOMINGO 9

- ▶ 11:00 – 14:30 | 17:30 – 23:00 · Explanada do Auditorio

Expoferta Zona Aberta 2015

FEIRA DE OPORTUNIDADES

- ▶ 10:00-14:00/ 17:00-00:00 · Rúa Valentín Viqueira

III Feira Multisectorial

FEIRA DE OPORTUNIDADES

LUNS 10 / MARTES 11/ MÉRCORES 12/ XOVES 13

- ▶ 10:00-14:00 | 17:00-00:00 · Rúa Valentín Viqueira

III Feira Multisectorial

FEIRA DE OPORTUNIDADES

a FESTA

MÉRCORES 12

Rúa Romero Ortiz



11:00: **Apertura** de postos e xogos tradicionais

11:30: **Inauguración** da **Exposición** de obras de Ana Miguéns

12:00: **Obradoiro de fotografía** por J.L. Oubiña

13:00: **Safari fotográfico**: “Cazando burradas”

13:30: **Sesión Caña**: Encontro musical con Pablo Vidal

17:00: **Contacontos**: Alba Santos

18:00: **Títeres** Cascanueces: “Un cuento viejo vuelto a contar”

19:30: Voces de **poesía** e son de música: Antón Blanco, Afra Martínez, Jesús Recio e Andrea Fernández Maneiro

20:30: **O autor ao vivo**: Fernando Salgado en conversa coa xornalista Susana Luaña e o editor Antón Mascato

22:00: **Cinema de noite**: “A derrota do Cabo Razo” de O Faiado Producións.

24:00: **Cinema de ultranoite**: “Curtas do cinema internacional”. De FICMAR, Festival Internacional de Cine Marítimo.

Das ARTES



XOVES 13

Rúa Romero Ortiz

- 11:00: **Apertura** de postos e dos xogos tradicionais.
- 11:30: **Inauguración** da **Exposición** de humor gráfico “Historias Floreánicas”, de Gogue
- 12:00: **Obradoiro de debuxo**, por Gogue
- 13:00: **Safari debuxantes**: “Pintando monadas”
- 13:30: **Sesión caña**: Encontro musical con Juan Carlos Cambas e a súa obra “A Viaxe de Arxentina ata Galicia”
- 17:00: **Contacontos** Bilal Traoré: “Cont@mundi: Historias de África”
- 18:00: **Títeres** Lázaro Duyos: “Un díaño na maleta”
- 19:30: Recital de **poesía** e música: Vera Eikon, Gonzalo Hermo, María Goretti Fariña e Abdoulaye Bilal
- 20:30: **O autor ao vivo**: Montse Fajardo en conversa con Xosé Castro Ratón, Margarita Teijeiro e Fátima Frieiro
- 22:00: **Cinema na noite**: “A Volta dos Nove” do Faiado Producións.
- 24:00: **Cinema de ultranoite**: “Curtas seleccionadas do cinema internacional”. De FICMAR, Festival Internacional de Cine Marítimo

XOVES 13

- ▶ 19:00 · Rúa Arcebispo Lago

Verbena dos maiores

Por cuarto ano consecutivo, San Roque inclúe unha verbena especialmente pensada para os maiores. Estará amenizada polo “Trio Estilo” e haberá unha gran chocolatada.

VENRES 14

- ▶ 10:00-14:00/ 17:00-00:00 · Rúa Valentín Viqueira

III Feira Multisectorial

- ▶ 10:00 · Barrio de San Roque

Pasacalle: Grupo de Gaitas Os Terribles de Arousa

- ▶ 12:30 · Sala de Conferencias do Auditorio Municipal

FESTICLOWN

Apertura da exposición:

“Mulleres no Festiclown Palestina”

En setembro de 2011, Nablus, Jerusalem e Ramala acolleron o “I Festival Internacional de Clown nos territorios ocupados palestinos” e esta exposición reflexa o seu traballo social coa muller palestina.

- ▶ 20:00
Casa Consistorial
**Pregón a cargo
do Club Atlético
Arousana**





- 20:30 · Praza de España
Ofrenda Floral ao santo

Logo da lectura do pregón, agrupacións sociais, culturais e musicais participarán nun desfile que culminará diante da igrexa parroquial, onde farán a súa ofrenda floral ao patrón.

- 20:30
Pasacalle: Asociación Cultural a Nosa Sra. da Xunqueira

- 20:30 · Porto de Carril
XX Concurso da Ameixa Cociñada
 XXIII FESTA DA AMEIXA DO CARRIL 2015
 Coa actuación de Airiños de Carril



- 22:00 · Praza de Galicia

FESTICLOWN ► **Vaia Circo!**

Compañía: Kanbahiota Troupe

Kanbahiota destaca polas súas depuradas técnicas aéreas. En Vaia Circo! amosan todo o seu talento nesta faceta nunha trama cómica na que deben sacar adiante un circo sen artistas e con infinidade de problemas.



- 22:00 · Rúa Romero Ortiz
NOITES DE ROMEU
Proyecto Ícaro + DJ
 Organiza: Hosteleiros da zona



► 23:30 · Alameda
**Gonzalo Arca
e a súa banda**
+ artista invitado

Gonzalo Arca actuará o venres 14
como prelude dunha xira
española presentando o seu primer traballo en
solitario, "Alone
at the crossroad" (Dotbeat, 2014).

SÁBADO 15

► 10:00-14:00/ 17:00-00:00 · Rúa Valentín Viqueira

III Feira Multisectorial

► A partir das 10:00 · Barrio de San Roque

Celebración de San Roquiño o Pequeno

► 10:00-12:00 · Barrio de San Roque

Pasacalle: Os Terribles de Arousa e a Comparsa de Xigantes

► 11:30 · Barrio de San Roque

Misa de San Roquiño

Cantada pola Coral Sta. Eulalia



- 
- 11:45 · Porto de Carril

XXIII Festa da Ameixa do Carril 2015

Recepción das autoridades e membros da Orde da Ameixa na Confraría de Pescadores Santiago Apóstol.

Pasacalle: Malveiras e Xirifeiros do Carril.

Ás 12:00, lectura do **pregón** a cargo do humorista, actor e presentador **Xosé Antonio Touriñán** e, a continuación, **nomeamento de cabaleiros e donas da Orde da Ameixa**. A **degustación da ameixa** comeza ao mediodía e se estenderá ata a noiteña **ininterrumpidamente**.

- 12:30 (1ª Función) · Praza de Galicia

FESTICLOWN

Don Gelati

Compañía: Dani García

Técnica: maxia/ teatro

No papel de vendedor de xelados, Don Gelati co seu carriño superará todas as dificultades que se lle presentan grazas á maxia.

- 12:30 · Barrio de San Roque

Procesión San Roquiño

Acompañada da Banda de Música e Os Terribles de Arousa. Ao final, e como é tradicional, haberá reparto de viño e empanada.

- 12:30

Pasacalle: Grupo de Gaitas A.C. Os Trasnós de Guillán

- 20:30

Pasacalle: Grupo de Gaitas O Souto de Rubiáns

► 20:30

Pasacalle: Grupo de Gaitas O Souto de Rubiáns

► 20:30 (2ª Función) · Rúa Alcalde Rey Daviña

FESTICLOWN Don Gelati

Compañía: Dani García; Técnica: maxia/ teatro

► 20:30 · Porto de Carril (Carpa degustación)

Actuación da Dani and Friends

XXIII FESTA DA AMEIXA DO CARRIL 2015

► 22:30 · Barrio de San Roque

Verbena Popular

Amenizada polos Grupos “Os Tres Latinos” e polo “Dúo Amenal”

► 23:00 · Alameda

Actuación dos grupos The Seangles e Versión B.



The Seangles é unha banda nacida en Vilagarcía de Arousa e formada por formado por: Gonzalo Cortés [guitarra e voz]; Tatá del Río [guitarra e voz]; Ysidro Estévez [baixo e voz]; Javier García [batería] e Gaspar Somoza [voz]. O seu repertorio inclúe versións de temas clásicos do rock e do pop dos anos 60, 70, 80 e 90 cun estilo propio.



Versión B é un grupo musical pop-rock nacido no 2009 e composto por: Rafa [Vocalista]; Pancho [guitarra solista]; Javier: [guitarra rítmica e voces]; Paco: [baixo e voces] e Jose [Batería]. No seu repertorio podemos atopar versións de temas de The Rolling Stones, The Beatles, The Kinks, David Bowie..., así como temas propios.

DOMINGO 16

- ▶ 11:45 · Praza de España

Traslado de San Roque

Dende a Igrexa parroquial á Capela de San Roque.

- ▶ 12:00 · Rúa San Roque

Festa da Auga

Logo do pregón, nunha grúa e cun caldeiro na man, comeza a multitudinaria Festa da Auga.

- ▶ 12:30 · Rúa García Caamaño (xunto á Praza de Abastos)

O Club dos Superroquiños

Animación infantil con Inchables de auga
Coa colaboración de Zona Aberta e Ahituví.

DOMINGO 16
12:00

FESTA DA AUGA

San Roque / Praza de Galicia

- 20:30 · Rúas da cidade

Procesión de San Roque

Saída da Capela de San Roque para continuar por rúa San Roque, Praza da Independencia, Padre Feijóo, Praza de Galicia, Arcebispo Lago, Brandariz, Castelao, Covadonga e Praza de España, onde rematará.

- 20:30 · Praza do Castro

FESTICLOWN

Cantos Contos Contas

Compañía: Titerficcións

Técnica: Contacontos e monicreques

Interacción co público, música en directo e orixinalidade son os puntos fortes desta compañía. O espectáculo parte do encontro entre dous viaxeiros nunha estación de tren, onde mentres agardan comparten as historias que atoparon ao longo das súas viaxes.



- 21:30 · Praza do Castro

Operación Tri-unfo

Grupo Trimentes

Espectáculo de humor con sketches disparatados que recrea unha serie de esceas sen linguaxe verbal.

- 23:00 · Rúa Alcalde Rey Daviña

Noite de Boleros

Grupo de Acordeóns Arosa Bay



LUNS 17

- ▶ 10:00-14:00/ 17:00-00:00 · Rúa Valentín Viqueira
III Feira Multisectorial

- ▶ 12:00 · Rúa Alcalde Rey Daviña con Baldosa

FESTICLOWN **Home Orquestra** (1ªFunción)

Compañía: Cé Orquestra Pantomima / Técnica: animación musical

Apoiándose na recuperación da figura do Home Orquestra, esta compañía é a fórmula perfecta para poñer ritmo e fantasía en animación de rúa.

- ▶ 12:30

Pasacalle Grupo de Gaitas Malveiras

- ▶ 13:00 · Rúa Alcalde Rey Daviña

FESTICLOWN **Alegativo en Comprimidos** (1ªFunción)

Compañía: Ale Risorio / Técnica: Clown

Un mar de alegría, risa e emoción.

- ▶ 20:00 · Rúa Alcalde Rey Daviña con Baldosa

FESTICLOWN **Alegativo en Comprimidos** (2ªFunción)

Compañía: Ale Risorio / Técnica: Clown

- ▶ 20:30

Pasacalle: Grupo de Gaitas Froallo

21:00 · Rúa a Baldosa

FESTICLOWN **Home Orquestra** (2ªFunción)


Compañía: Cé Orquestra Pantomima / Técnica: Animación Musical

► 22:00 · Xardíns de Ravella

Fantasio na rúa

Proxección infantil: "Mortadelo y Filemón contra Jimmy el Cachondo"

Duración: 88 min.



Acábase de producir o maior ataque criminal contra a estabilidade mundial. Un ataque de risa. Mentras o caos se apodera das institucións, da banca, das fábricas, dos colexios, das cafeterías, dos policías, dos ladróns e dos elefantes, a organización capaz de poñer seriedade é a T.I.A.



LUNS 17
23:00
ELEFANTES
A Xunqueira

► 23:00 · Parque da Xunqueira

CONCERTO: “ELEFANTES”

Entrada gratuíta

O grupo barcelonés encabezado por Shuarma volve con gañas de renovar a súa música, reinventarse e demostrar que, pese ao parón destes últimos anos, seguen en plena forma.



MARTES 18

- ▶ 10:00-14:00/ 17:00-00:00 · Rúa Valentín Viqueira

III Feira Multisectorial

- ▶ 10:00 - 14:00 | 16:00 - 20:00 · Seminario nº2 do Auditorio

FESTICLOWN Festiclown Vilagarcía 2015

Curso: Improvisación Cómica

Duración: 8 horas

Cota: 50 euros

Crearemos historias nas que o improvisador se revela como instrumento da produción teatral, elaborando situacións baseadas no aquí e agora. Inscripción: no 981 582 836 e en info@festiclown.org + info: www.festiclown.org .

- ▶ 12:00 · Salón García

FESTICLOWN A Historia de Blancaflor

Compañía: Fran Rei

Técnica: Contacontos e maxia

Un espectáculo a medio camiño entre a maxia e o contacontos. A través da maxia e do clown cóntase a lenda de Blancaflor, que terá que seleccionar o seu namorado entre 11 pretendentes a través da maxia, os contos e o humor. Entrada de balde ata completar aforo.

- ▶ 12:30

Pasacalle: Grupo de Gaitas e Baile Embruxo de Guillán



► 13:00 · Rúa Castelao

FESTICLOWN

Laboratorio Máxico (1ª Función)

Compañía: Mundo Mandarin
Técnica: Clown, maxia e monicreques.

Laura Mandarin é unha das mellores magas cómicas do momento. No Laboratorio Máxico fai que grandes e pequenos se sorprendan e rían con xogos de maxia cómica. A compañía do paxaro Rigoberto pon a guinda.



► 20:00 · Rúa Alcalde Rey Daviña con Baldosa

FESTICLOWN

Laboratorio Máxico (2ª Función)

Compañía: Mundo Mandarin; Técnica: Clown, maxia e monicreques

► 20:30

Pasacalle Grupo de Gaitas Os Xirifeiros

► 21:00 · Praza da Peixería

FESTICLOWN

Bivalvos como Galegos

Compañía: Os Sete Magníficos Máis Un
Técnica: Teatro cómico e clown.

Pedro Brandariz e Fran Rei son os rostros máis coñecidos desta veterana compañía. En Bibalvos Como Galegos o humor retranqueiro e irónico aparece para representar como nos enfrontamos ás situacións cotiás.





► 23:00 · Parque da Xunqueira

CONCERTO: UXÍA

Entrada gratuíta

Vinte e cinco anos de carreira artística convértena nunha das voces máis populares e valoradas da nosa lingua. As súas cancións seguirán tendo a presenza latente da música tradicional, cun tratamento innovador. Unha voz máis contida e máis profunda ca nunca. Unha voz que amosa toda a forza e toda a vulnerabilidade coa que Uxía chegou a este punto



do camiño, coa convicción de que un pobo que cantou desde tempos imemoriais non pode perder un instrumento tan fundamental como a propia voz, o propio canto, Meu Canto. Formación: Uxía: Voz; Sergio Tannus (guitarra, viola caipira, cavaquinho e percusión); Santi Cribeiro (Acordeón); Isaac Palacín (percusión).

MARTES 18
23:00
UXÍA
A Xunqueira

MÉRCORES 19

- ▶ 10:00-14:00/ 17:00-00:00 · Rúa Valentín Viqueira

III Feira Multisectorial

10:00 - 14:00 | 16:00 - 20:00 · Seminario nº2 do Auditorio

FESTICLOWN

Formaclown Vilagarcía 2015

Curso: Iniciación ao Clown

Duración: 8 horas

Cota: 30 euros

Traballando o noso ridículo, descubriremos o clown de cada un. A través de diferentes xogos e exercicios iremos atopando onde está a nosa comicidade.

Inscripción: no 981 582 836 e en info@festiclown.org.

+ info: www.festiclown.org.



- ▶ 12:30

Pasacalle: Grupo de Gaitas Garandoiro

- ▶ 12:00 · Sala de Conferencias do Auditorio

FESTICLOWN

3 miradas, 2 obxectivos (Proxección)

Documental da compañía Pallasos en Rebeldía no que se reflicten as actividades de Festiclown Palestina 2011, composto de tres pezas audiovisuais; “A Wonderful Mission” de Fernando Lema, “Sonrisas que cuentan” de Ernest Vila e “Nace un Festival de payasos en la Palestina refugiada” de Eugenia Arteaga.



A clown in a red shirt and black hat is performing fire juggling with three flaming torches. The background is blurred, showing other people and greenery.

► 13:00 · Praza de Galicia

FESTICLOWN Le Triska Inmóvil (1ª Función)

Compañía: Isla Letriska

Técnica: Clown e malabares

A pesar da súa dilatada traxectoria, a Letriska conserva íntegra a ansia artística, pura e rebelde, do principiante. Podemos comprobalo neste delirante espectáculo, no cal combina diferentes disciplinas de Novo Circo.

► 20:00 · Rúa Alcalde Rey Daviña con Baldosa

FESTICLOWN Le Triska Inmóvil (2ª Función)

Compañía: Isla Letriska

Técnica: Clown e malabares

► 20:30

Pasacalle: Grupo de Gaitas Airiños do Carril

► 21:00 · Praza da Peixería

FESTICLOWN

Gala Solidaria Festiclown Palestina 2015

Unha gala cómica, musical e circense con destacados artistas da cultura galega que ten como finalidade recadar fondos para axudar á celebración do Festiclown Palestina 2015, que terá lugar en setembro en terras palestinas. Entrada: 5€

► 22:30 · Avda. da Mariña

Verbena popular

Orquestra Olympus

MÉRCORES 19

23:00

SINIESTRO TOTAL

A Xunqueira



► 23:00 · Parque da Xunqueira

CONCERTO: SINIESTRO TOTAL

Entrada gratuíta

Aqueles que se formaron en Vigo en 1981 seguen rockeando e en permanente xira tras 18 discos e os conseguintes axustes na súa formación.

A súa música sempre foi unha viaxe que, partindo das raíces do blues, do punk e do rock crece hasta transformarse en algo propio, sempre tendo moi presente a autenticidade e a ironía, a diversión e o concepto de show.

Curtidos en mil escenarios, Siniestro saben facer do rock and roll unha cultura popular imprescindible.





XOVES 20

- ▶ 11:30 · Esquina Rey Daviña con Valentín Viqueira
O Club dos Superroquiños: A Gramola Anos 80 con photocall
- ▶ 12:30
Pasacalle: Grupo de Gaitas Mar de Arousa
- ▶ 15:00 – 21:00
Liceo Casino Sede Club de Mar
II Open de Dominó por parellas San Roque
Inscripcións no mesmo día.
- ▶ 20:00 · Esquina Rey Daviña con Valentín Viqueira
O Club dos Superroquiños: Os Musicontos fan o camiño
Coa actuación da Banda de Música
- ▶ 20:30
Pasacalle: Grupo de Gaitas e Baile Xeada de Cornazo

► 22:00 · Xardíns de Ravella

Fantasio na rúa

Proxección infantil:

"Bob Esponja, un héroe fuera del agua"

Duración: 93 min.

Bob Esponxa e os seus inseparables amigos do mar, como Patricio e o esquiú Arenita, Calamardo e Don Cangrexo, embárcanse na aventura na que deberán atopar unha páxina dun libro máxico roubada por un pirata.



► 23:00 · Parque da Xunqueira

CONCERTO: DELAFÉ Y LAS FLORES AZULES

Entrada gratuíta

As cancións desta banda barcelonesa están entre o rock, o pop, o soul ou a electrónica. As letras, máis próximas á poesía que á agresividade do hardcore, son positivas e críticas ao mesmo tempo, explorando sensacións pouco habituais no panorama nacional.





XOVES 20
23:00

DELA FÉ Y LAS FLORES AZULES
A Xunqueira

VENRES 21

- ▶ 11:30 · Esquina Rey Daviña con Valentín Viqueira

O Club dos Superroquiños: Discoverán

Animación musical-infantil con coreografías e xogos.

- ▶ 12:30

Pasacalle: Grupo de Gaitas Santa Plácida de Rubiáns

- ▶ 19:00 a 01:30 · Rúa Castor Sánchez

Vilagarcía En-Roque

Xornadas de xadrez na rúa

Organiza: Club Xadrez Fontecarmoa



- ▶ 20:00 · Esquina Rey Daviña con Valentín Viqueira

O Club dos Superroquiños: Caramulo, o xinete das árbores

Animación teatral en defensa dos nosos bosques a través de monicreques realizados con elementos da natureza.

Compañía Anxo Moure

- ▶ 20:30

Pasacalle: Grupo de Gaitas Treboada de Guillán

- ▶ 21:00 · Esquina Rey Daviña con Valentín Viqueira

O Club dos Superroquiños:

Mago Teto - O Afiador

O Mago Teto é un dos magos galegos máis veteranos e relevantes. Este espectáculo de maxia xira arredor dunha roda de afiar dos anos trinta herdada polo mago Teto dos seus ancestros.





- 21:00 · Explanada do Porto - Vilaxoán

FESTA DAS REVENIDAS: Concertos

**Liska, Nao, Banda Bassotti, La Raíz,
Dakidarría e Zoo.**

Venda de entradas: www.ataquilla.es
www.revenidas.com

Prezos Bonos: Anticipado: 30€;

Despacho de entradas: 38€


Prezo entrada: Anticipada: 15€;

Despacho de entradas: 20€

- 21:45 · Petróglifos de Os Ballotes · (Vilar-Bamio)

V Longa Noite de Pedras

Descobre os petróglifos dos Ballotes na visita nocturna organizada polo Ateneo "Mar de Arousa" con Beatriz Comendador e Félix González da Universidade de Vigo. Haberá sorpresas! (Recoméndase levar )



- 22:30 · Praza de Galicia

“Raíces”. Música e baile.

Un proxecto promovido pola Banda de Música de Vilagarcía e dirixido por Jesús Nogueira que propón a posta en escea da nosa música tradicional, contando coa colaboración do Orfeón de Voces Graves Arousa; Marina Penas (Soprano) e Corpo de Baile Galego da Asociación Embruxo de Guillán, dirixida por Olaya Mosquera, na que interpretarán obras de Bernardo del Río, Juan Montes e Gustavo Freire.



- ▶ 23:00 · Rúa Romero Ortiz
NOITES DE ROMEU
The Lakazans
Organiza: Hosteleiros da Zona



- ▶ 23:30 · Praza do Castro
Duendeneta

SÁBADO 22

- ▶ 11:00 · Praza da Galicia
Obradoiro a Tenda da Moura
Recollida de lendas e patrimonio cultural
Organizado por: Ateneo Mar de Arousa
- ▶ 11:30 · Esquina Rey Daviña con Valentín Viqueira
O Club dos Superroquiños: Zumba Party
Exhibición e obradoiro de zumba infantil
- ▶ 12:00 · Casa Consistorial — Salón García
XI Capítulo da Cofradía do Viño Rías Baixas
12:00: **Desfile cívico de Cofrades Vinicogastronómicos**
(Dende o Concello ata o Salón García)
12:15: **Gran acto de nomeamento de Cofrades e irmandamento de Cofradías** no Salón García.
- ▶ 12:30
Pasacalle Grupo de Gaitas San Pedro de Cea



FESTA DAS REVENIDAS

Parque Dona Concha - Vilaxoán

13:00: Sardiñada Popular
(1ª Quenda)

Animación a cargo de:
Fanfarria Taquikardia
Os Perkutores
Os Terribles de Arousa

19:00: Gala de Circo
Solidaria Pro-Sáhara

(Apoio Programa vacacións
en paz).
Entrada de balde

20:00: Sardiñada Popular
(2ª Quenda)

Animación a cargo de:
Fanfarria Taquikardia
Os Perkutores
Os Terribles de Arousa

21:00: Concertos (Explanada Porto)

Familia Caamagno, Leo e
Arremecaghona, Kasernarat, The
Mahones, Terbutalina, Spin Te Ku.

+ **INFO:** www.revenidas.com

► 20:30

Pasacalle Grupo de Gaitas e Baile Mocidade da Torre

► 24:00 · Praias da Concha e Compostela

Combate Naval

Un ano máis, poderemos gozar do espectáculo de luz, cor e sonido
que rememora a batalla naval do porto de Callao, en Perú.

► 22:30 · Avda. da Mariña

Verbena popular. Orquestra Capitol



SÁBADO 22
24:00

COMBATE NAVAL
Praias Concha-Compostela

DOMINGO 23

- ▶ 11:30 · Esquina Rey Daviña con Valentín Viqueira

O Club dos Superroquiños:

Bailando na rúa (Baile infantil latino)



- ▶ 12:00-14:00 · Parque Dona Concha - Vilaxoán

FESTA DAS REVENIDAS

Xogos tradicionais

Sesión Vermú: Blues do País

- ▶ 12:30

Pasacalle: Grupo de Gaitas Nós de Sobradelo

- ▶ 19:00-23:00 · Parque Dona Concha - Vilaxoán

FESTA DAS REVENIDAS:

Concertos

Entre outros, a actuación dos Swindigentes

Entrada de balde



- ▶ 20:00 · Rúas da cidade

Desfile de Carrozas

Música, folclore e animación de rua acompañan o desfile que pecha as festas. O percorrido comeza na Praza da Estación e continúa por Moreira Casal, Rosalía de Castro, Praza Constitución, Juan Carlos I, Praza de Ravella, Gumersindo Nartallo, Praza da Independencia, Padre Feijóo, Praza de Galicia, Arcebispo Lago, Brandariz, Castela, Covadonga e Praza de España/ Vicente Risco, onde rematará.

- 
- 22:00 · Esquina Rey Daviña con Valentín Viqueira

O Club dos Superroquiños: Bambalas

Espectáculo de malabares, aéreos e clown.

- 23:00 · Explanada do Porto de Vilaxoán



FESTA DAS REVENIDAS:

Concertos

Soja e Los Chikos del Maíz

+ INFO: www.revenidas.com

DO LUNS 24 AO SÁBADO 29

- A partir das 21:00 · Zona verde TIR

Chillout no Porto Deportivo

Organizan: hostaleiros da zona

VENRES 28

- 20:00 · Esquina Rey Daviña con Valentín Viqueira

O Club dos Superroquiños: Mago Cali

- 23:30 · Alameda

La Duendeneta

SÁBADO 29

- 9:00 – 14:00 · Praza de Galicia

Festa da Solidaridade

- 22:30 a 02:00

Noite das Meigas

Ambientación polas rúas da cidade. Inclúe queima da meiga acompañada de fogos artificiais.



ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE VERÁN

► Baloncesto: Master Summer League

SÁBADO 8 · 10:00-00:00 · Parque do Cavadelo e Pavillón de Castelao
Organiza: Basket Base Club

► XII Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía

SÁBADO 8 · 21:00 · Saída: Parque de Miguel Hernández
Inscripción: www.champioshipnorte.com / Cota: 5 euros

► Torneo Social Liceo Casino

DO SÁBADO 8 AO XOVES 20

20:00 — 23:00 · Pavillón Municipal do Castelao
Organiza: Club Baloncesto do Liceo Casino

► XIII Torneo de Tenis de Verán

DO SÁBADO 8 AO VENRES 21

10:00 — 12:00 | 19:00 — 23:00 · Complexo Deportivo Fontecarmoa

► I Torneo Fútbol Sala San Roque

DO LUNS 10 AO SÁBADO 15

09:00 — 12:00 | 19:00 — 22:00 · Parque do Cavadelo
Organiza: E.F.S. Salnés

► Masterclass de Zumba Fitness

XOVES 13 · 21:30 · Explanada do Auditorio
Organizado pola Asociación Báilalo

► II Open de Pádel San Roque

MARTES 18 · Explanada do Auditorio
Organizado por: Club Pádel Vilagarcía



▶ **XIX Torneo de Fútbol-Praia***

DO MARTES 18 AO VENRES 24

19:00 a 21:00 · Praia da Concha e Compostela

Inscripción: ata o 14 de agosto, na Fundación de Deportes

*A celebración estará condicionada ao número de participantes inscritos.

▶ **Vilagarcía En-Roque**

VENRES 21

19:00-01:30 · Rúa Castor Sánchez

Organiza: Club de Xadrez de Fontecarmoa

▶ **33 Travesía a nado ao Porto de Vilagarcía**

SÁBADO 22

11:00 · Saída do Porto de Vilagarcía

Distancia: Adultos: 2.600 m; Infantil: 1.000 m

▶ **Exhibición de Body Jump** [Co equipo de EAC SYSTEMS GALICIA]

SÁBADO 22

12:00 · Praza da Peixería

▶ **Exhibición Bailes de Salón**

SÁBADO 22

20:30 · Rúa García Caamaño (xunto á Praza de Abastos)

A cargo do Club de Baile Deportivo Al Compás

▶ **XLVII Trofeo San Roque Campionato Galego de Snipe**

3º Gran Premio Ramiro Carregal

DO SÁBADO 22 AO DOMINGO 24

15:00 · Porto de Vilagarcía

Organiza: Real Club de Regatas Galicia de Vilagarcía

ACTIVIDADES EXPOSITIVAS

► **Semana do Cine**

Cine Club Adega

Casa da Cultura de Vilagarcía

►► **Exposición do Maratón Fotográfico:** As fotografías estarán expostas ao público nos comercios de Zona Aberta durante o mes de agosto. Haberá unha urna onde se poderá votar para existir as mellores fotos.

►► **Exposición carteis antigos Semana do Cine:** Exposición de carteis das semanas de cine de etapas anteriores, realizados polos mellores artistas locais.

► **Marisa Redondo**

Coloreando atmósferas

Sala de Exposicións Rivas Briones

Do 14 de agosto ao 11 de setembro





FESTA DA AUGA

CONSELLOS DE SEGURIDADE

Procure levar calzado cómodo e pechado que evite deslizamentos na rúa así como roupa cómoda e pouco pesada.

Evite levar consigo teléfonos móbiles e cartos en formato billete, porque pode perdelos co impacto da auga.

Lembre que pasos de peóns e pavimentos pintados son zonas nas que é doado esvarar ao estar molladas.

Rexeite utilizar recipientes de cristal ou similar, xa que poden escachar no chan e dar lugar a cortes.

Non colla auga acumulada do chan, posto que pode levar areas ou outros líquidos que poidan mancar os ollos.

Respecte a “zona húmida”.

En caso de calquera accidente diríxase a calquera dos postos de atención e socorrismo situados na área festiva, ou chame ao número

EMERXENCIAS: 112

Grazas pola súa colaboración.

Lembren que a Festa da Auga comeza unha vez que o Santo está na capela. Por favor, respecten a subida en procesión e non tiren auga no percorrido.



Concello de
Vilagarcía
de Arousa

+ **INFO** www.vilagarcia.es